

COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL, TRANSPARENCIA E EMERXENCIAS

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **13 de marzo de 2024**

Ás 16.30 horas do día 13 de marzo de 2024, reúnese a Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D. Xosé Miguel Pérez Blecua

D. Manuel Seoane Rodríguez

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Marina Vaz Quintillán

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Bernardo Varela López

Deputados de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Gonzalo Pérez Jácome

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 15 DE FEBREIRO DE 2024.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de febreiro de 2024.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias do día 15 de febreiro de 2024, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MODIFICACIÓN DA DATA DE REALIZACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES PARA O MANDATO 2023 - 2027

O Sr. secretario expón o contido da proposta.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Modificar a data de realización das sesións ordinarias das comisións informativas permanentes para o mandato 2023-2027, que terán lugar todas os **mércores** da semana anterior á da realización do Pleno ordinario, a partir das **16.30 horas**, pola seguinte orde:

Transparencia e Administración Provincial

Especial de Contas, Facenda e Economía

Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural

Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego

Termalismo, Turismo e Medio Ambiente

Cultura, Deportes e Mocidade.

3º.- CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO CONSISTENTE NA PROVISIÓN DA INFRAESTRUTURA TECNOLÓXICA, EN MODALIDADE IAAS, DA INICIATIVA “HAI UN OURENSE PARA TI. DESCÚBREO”.

O Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta se se lle pode informar sobre o estado de execución do proxecto e do convenio no seu día asinado con Red.es.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pide tamén información sobre o estado de execución do proxecto e sobre se xa se realizou algunha análise dos datos obtidos.

D. Xosé Miguel Pérez Blécua, do Grupo Popular, explica que a orixe do proxecto está no convenio asinado coa entidade pública empresarial Red.es no ano 2019, e polo que esta entidade foi a encargada de contratar o servizo que se prestou ata este ano. No dito convenio estableceuse unha duración de 5 anos máis, correspondéndolle neste caso á Deputación a contratación do software e do servizo, que é precisamente o obxecto do expediente de contratación que agora se trae para ditame. A continuación realiza un breve repaso das actuacións realizadas no marco do convenio con Red.es e indica que toda a información está a disposición dos grupos políticos provinciais.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e do BNG (2) e a abstención do Grupo Socialista (4) e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente elaborado para a contratación da prestación do servizo consistente na provisión da infraestrutura tecnolóxica, en modalidade IAAS, da iniciativa “Hai un Ourense para ti. Descúbreo”, no marco do convenio subscrito entre a entidade pública empresarial Red.Es e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento do Plan Nacional de Territorios Intelixentes da Axenda Dixital para España c075/18-sp.

2º.- Autorizar o gasto derivado deste expediente por importe máximo de 157.193,19 € (IVE e demais tributos incluídos), correspondendo ao importe neto a cantidade de 129.911,73 € e ao IVE aplicable (21%) a cantidade de 27.281,46 €, existindo crédito adecuado y suficiente para financiar as obrigacións derivadas deste contrato tal e como consta no expediente na aplicación orzamentaria 2024/92014/20700, e ampliar o número de anualidades ás que se refire o artigo 174.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, para adaptar o compromiso de gasto ao previsto na cláusula VI do PCAP, e ao Convenio subscrito entre a Entidade Pública Empresarial Red.Es e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento do Plan Nacional de Territorios Intelixentes da Axenda Dixital para España C075/18-SP (prazo de execución do 1 de agosto de 2024 ao 28 de febreiro de 2029).

3º.- Dispoñer a apertura da fase de adxudicación mediante procedemento aberto (artigos 156 a 158 de la LCSP) e en trámite ordinario (artigos 116 e 117 da LCSP). A opción polo procedemento aberto devén da súa configuración como procedemento ordinario de contratación (xunto co restrinxido) no artigo 131.2 da LCSP.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR UNHA XESTIÓN PROFESIONAL E TRANSPARENTE NA ESTACIÓN DE MONTAÑA DE MANZANEDA

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, procede a dar lectura e a expoñer o contido da moción. Engade que esta moción cobra moito máis sentido dados os innumerables problemas que se están producindo na estación nas últimas semanas.

D. Bernardo Varela López, do BNG, sinala que a xestión de Meisa xa é un tema recorrente nesta Deputación Provincial e que o normal será que ao longo do ano 2024 a Deputación novamente teña que inxectar diñeiro público nesta sociedade. Sinala que a xestión desta infraestrutura é un tema moi complexo e ao que hai que darlle unha volta, pero que todos temos que afrontar o tema e intentar buscar unha solución que non supoña tanto investimento de diñeiro público como nos últimos anos, pero que á súa vez poida poñer en valor este recurso da provincia. Conclúe indicando que o resultado da xestión e do investimento dos últimos anos non é o esperado.

D. Xosé Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, sinala que a moción é un pouco contraditoria, xa que nela se pon como exemplo a xestión da estación de Serra Nevada e do Pirineo aragonés, cando son modelos moi diferentes entre si, e que pouco ou nada teñen que ver coa da estación de Manzaneda. Engade que o modelo de xestión de Serra Nevada e das estacións do Pirineo aragonés son antagónicas, polo que lle pide ao Grupo Socialista que aclare as peticións da súa moción.

D.^a Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, insiste en que as referencias aos modelos de Serra Nevada e do modelo do Pirineo aragonés se refiren a que neses casos os concellos onde se atopan as estacións teñen presenza nos consellos de administración, mentres que aquí A Pobra de Trives e Manzaneda non están neles.

D. Xosé Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, insiste en que para apoiar a moción debe ser redactada doutro xeito, e sinala que na Comunidade Autónoma de Aragón existe unha normativa propia que regula a composición dos consellos de administración.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (4) e a abstención do Grupo Popular (6), do BNG (2), e de DO (2), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Instar á Deputación de Ourense, na súa condición de accionista ponderado de Meisa, a avanzar cara unha xestión profesional da Estación de Montaña de Manzaneda,

situando á súa fronte a un equipo capaz e competente que sexa dirixido por alguén cunha demostrada experiencia no sector. Unha xestión acaída coas esixencias dun complexo de tan particulares características, pero tamén transparente, dotada dos mecanismos necesarios para que os partidos e a cidadanía poidan acceder a documentos e información sobre procedementos que desde hai anos ven reclamando o Grupo Provincial Socialista.

SEGUNDA.- Instar á Deputación de Ourense, na súa condición de accionista ponderado de Meisa, a dispoñer as medidas necesarias para o regreso ao consello de administración da devandita entidade dos alcaldes da Pobra de Trives e de Manzaneda, garantindo así a representatividade dos territorios nos que se asenta a Estación. Amais, sempre en aras dunha meirande transparencia, estas medidas tamén deberan garantir a inclusión dos partidos políticos da oposición no consello de administración de Meisa, tal e como ocorre en entes similares no Pirineo Aragonés e en Serra Nevada.

5º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, do BNG, pregunta polo estado de negociación que levou a que o comité de folga dos consorcios comarcais dos bombeiros suspendesen esta. Realiza o rogo de que actualicen a web provincial, que está desfasada en moitos aspectos e que lles permita aos grupos provinciais, como se facía hai anos, poder cargar a información relativa aos seus traballadores nun apartado da web.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, sinala que se chegou a un acordo co comité para desconvocar a folga, baseado nun incremento do límite salarial e en abrir un período de negociación que se iniciou xa cunha reunión o pasado xoves e que, en principio, vai ter reunións continuas. Sinala que todos os consorcios irán da man, para intentar chegar a acordos co comité de folga, sen ben é necesario aprobar un convenio colectivo por cada provincial e espérase que estes sexan moi similares. Sinala que hai reivindicacións moi difíciles de asumir para os consorcios, pero que se fará todo o posible por chegar a un acordo.

E, ás 17.00 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

